

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 29 de outubro de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de setembro de 2024.
- * Aprobación da actualización do plan do selo HRS4R.
- * Aprobación da convocatoria das Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación asociado aos “Proyectos de Generación de conocimiento 2023” (FPI 2024).
- * Aprobación da convocatoria das Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo, 2025.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno do Instituto de Investigación Lingua.
- * Aprobación dunha transferencia de crédito para varios centros de investigación.
- * Aprobación do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE).
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2025/26.
- * Aprobación dos requisitos e a selección de prazas no marco do Programa María Goyri.
- * Aprobación das unidades docentes seleccionadas para a saída de prazas de Profesorado Axudante Doutor no Contrato-Programa, así como do número de prazas para cada unha delas.
- * Aprobación das modificacións na normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente na Universidade de Vigo.
- * Aprobación dos cambios na normativa de Concursos de Profesorado da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da normativa para a transformación de Profesorado Contratado Doutor a Profesorado Permanente Laboral.
- * Aprobación das modificacións na normativa de Listas de Agarda para a contratación de Profesorado Substituto.
- * Aprobación dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Acceso ao curso 2026/2027.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de premios extraordinarios de Grao Universitario.
- * Aprobación da asimilación, aos efectos de incompatibilidades, da figura do profesor universitario substituto a tempo parcial coa do profesor universitario asociado.

- * Estimación do recurso potestativo de reposición presentado pola profesora Ana Garriga Domínguez contra o acordo da COAP do día 10 de xullo de 2024 polo que se aproba o POD do curso 2024/25 do Departamento de Dereito Privado, ordenando a retroacción do procedemento ao momento da aprobación da proposta de POD no Consello de Departamento debido ao vicio de forma cometido por non ser tida en conta na aprobación a memoria vinculante do título de grao de Intelixencia Artificial na asignación da materia á área de coñecemento correspondente.
- * Foi nomeado representante na Comisión de Organización Académica e Profesorado, polo sector estudantes:
 - Iago Meis Solla (Escola de Enxeñaría Industrial – Vigo)

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.